

Instrución V/2007 do Xerente da Universidade de Santiago de Compostela pola que se regula a dotación de vestiario profesional ao persoal laboral

O artigo 69 do vixente Convenio Colectivo para o persoal laboral da USC establece que en materia de roupa de traballo e vestiario, a Universidade proporcionaralles anualmente aos traballadores as pezas de roupa necesarias para o desenvolvemento das súas funcións. A subministración de vestiario implica o seu uso obrigatorio durante a xornada de traballo.

Co fin de que a dotación e recollida das prendas se leve a cabo coa debida coordinación e puntualidade e, unha vez negociado co Comité Intercentros, o xerente, en uso das competencias atribuídas pola resolución reitoral do 7 de xullo de 2006, dispón:

1) SOLICITUDE DE PRENDAS DE TRABALLO.

A solicitude de prendas de traballo correspondentes ao ano 2007 cubrirase e presentarse persoalmente, no Servizo de Xestión de Persoal (Casa da Balconada, Rúa Nova 6) e na Vicexerencia de Lugo (servizos centrais, Campus Universitario, 27002-Lugo).

As prendas e postos de traballo con dereito a prenda de traballo relaciónanse no anexo a presente instrución.

2) PRAZO DE SOLICITUDE

O prazo de solicitude será dende o 3 de xullo ao 28 de setembro do presente ano en horario de 9 a 14.

3) PROCEDEMENTO

3.1 Ao traballador se lle entregará un **resgardo selado** polo Servizo de Xestión de Persoal ou pola Vicexerencia de Lugo no momento en que presente a solicitude.

3.2 **Os traballadores destinados en Santiago**, deberán **acudir co resgardo** á Empresa Concesionaria: VESLA, S.L., Avda. Rodríguez de Viguri, 6-8 baixo, Santiago de Compostela, para que esta anote o vestiario solicitado e tome as medidas para a tallaxe das prendas e do calzado.

Os destinados en Lugo serán avisados pola Vicexerencia do día en que a Empresa se desprazará a esa cidade.

3.3 **Única e exclusivamente no momento de recibir as prendas** solicitadas, o traballador **entregaralle o resgardo asinado** á empresa concesionaria. A perda ou entrega indebida do resgardo, quedará baixo a responsabilidade total do traballador solicitante.

4) FACTURACIÓN DA EMPRESA CONCESIONARIA

A empresa concesionaria facturará á Universidade os importes correspondentes, acompañando os resgardos que deben estar debidamente asinados polos traballadores e co selo do Servizo de Xestión de Persoal ou da Vicexerencia.

En todo o non regulado nesta instrución estarase ao disposto no xa mencionado artigo 69 do Convenio Colectivo.

Santiago de Compostela, 28 xuño de 2007

O XERENTE

Pedro García Moreno

 [Anexo de prendas de traballo 2007](#) [pdf - 15Kb][Actualizado: 14/05/2008]